



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

DON Antonio López Vila, SECRETARIO DO CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

CERTIFICO:

Que a Alcaldía o día 24 de agosto de 2018 aprobou a resolución núm. 551/2018, que a continuación se reproduce:

“RESOLUCIÓN. Aprobación expediente de contratación.

Visto a Orde do 4 de decembro de 2017 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2018, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, publicada no DOG nº 5, de data 8 de xaneiro de 2018.

Visto a memoria valorada “Acondicionamento e mellora do polideportivo de San Martín de Porto”, redactada en xaneiro de 2018 polo arquitecto D. Francisco Javier Cernadas Veiga, Colexiado 2468 do COAG, cun orzamento de 32.975,21 euros e 6.924,79 euros de iva, o que importa un total de 39.900,00 euros.

Visto o Informe da arquitecta técnica municipal, de 1 de febreiro de 2018, no que se subscribe que a memoria cumpre coa normativa en vigor, así como que os terreos nos que se executarán as obras proxectadas son de titularidade municipal.

Visto a Resolución da Alcaldía 65/2018, de data 2 de febreiro de 2018, pola que se acorda aprobar a memoria técnica valorada “Acondicionamento e mellora do polideportivo de San Martín de Porto”, redactada en xaneiro de 2018 polo arquitecto D. Francisco Javier Cernadas Veiga, Colexiado 2468 do COAG, cun orzamento de 32.975,21 euros e 6.924,79 euros de iva, o que importa un total de 39.900,00 euros, así como solicitar subvención para a execución das actuacións descritas, por importe de 31.920,00 euros, á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, aceptando tódalas condicións establecidas na Orde do 4 de decembro de 2017.

Visto o proxecto técnico “Acondicionamento e mellora do polideportivo de San Martín do Porto”, redactado polo arquitecto Francisco Javier Cernadas Veiga, Colexiado 2468 do COAG, cun orzamento de 32.975,21 euros e 6.924,79 euros de iva, o que importa un total de



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

39.900,00 euros.

Visto o Informe da arquitecta técnica municipal subscribindo que os bens nos que se proxectan as actuacións son de titularidade municipal, que o proxecto cumpre coa normativa en vigor, recollendo tódalas obras necesarias para a súa completa execución, así como que non se estima ningunha autorización administrativa.

Visto a notificación da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, con rexistro de entrada no Concello de Cabanas nº 1518, de data 25 de xuño de 2018, na que se concede ao Concello de Cabanas unha subvención por importe de 23.940,00 euros, co compromiso da execución completa do proxectado. O prazo para a execución e xustificación das obras efectuadas rematará o 30 de setembro de 2018.

Visto as características do contrato que se pretende adxudicar:

Tipo de contrato	Obras
Obxecto do contrato	"Acondicionamento e mellora do polideportivo de San Martín de Porto"
Procedemento de contratación	Aberto simplificado
Tipo de tramitación	Ordinaria
Código CPV	45212290
Valor estimado do contrato	32.975,21 euros
Orzamento base de licitación sen IVE	32.975,21 euros
IVE	6.924,79 euros
Orzamento total de licitación con IVE	39.900,00 euros
Prazo de execución	Un mes
División el lotes	Non

Visto que no expediente está xustificada a necesidade de proceder á licitación da obra para satisfacer o interese público, así como que o Concello de que Cabanas non dispón de medios persoais e materiais para a súa execución, debendo proceder á súa contratación externa.

Visto o Informe de Secretaria-Intervención e redactado o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de conformidade cos artigos 2 , 117 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o proxecto técnico "Acondicionamento e mellora do polideportivo de San Martín do Porto", redactado polo arquitecto Francisco Javier Cernadas Veiga, colexiado 2468 do COAG, cun orzamento de 32.975,21 euros e 6.924,79 euros de iva, o que importa un total de 39.900,00 euros.



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Segundo. Aprobar o expediente de contratación mediante o procedemento aberto simplifícadísimo, con varios criterios de adxudicación, para a adxudicación da obra denominada “Acondicionamento e mellora do polideportivo de San Martín do Porto”, financiada ao abeiro da subvención concedida pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e fondos propios municipais, convocando a súa licitación.

Terceiro. Aprobar o gasto por importe de 39.900,00 euros, ive incluído, correspondente á aplicación orzamentaria 3421.63201, condicionada á entrada en vigor da modificación orzamentaria aprobada por acordo plenario de data 21 de agosto de 2018.

Cuarto. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán a licitación do contrato, mediante procedemento aberto simplifícadísimo e tramitación ordinaria.

Quinto. Publicar anuncio de licitación no Perfil do Contratante da Plataforma de Contratos do Sector Público, empregando o sistema de licitación manual, xa que o Concello de Cabanas nestes intres non dispón dos medios materiais e persoais adaptados á correspondente aplicación informática, quedando por tanto exenta da utilización para este expediente de contratación da licitación electrónica, ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 15^a.3 da LCSP.

Sexto. Dar traslado da presente Resolución aos departamentos de Intervención e Tesourería debido aos efectos económicos implícitos na presente resolución.”

E para que conste ós efectos oportunos, expido a presente, de orde e co visto e praxe do Sr.Alcalde, en Cabanas a vinte e catro de agosto de dous mil dezaoto.

(Documento asinado dixitalmente)